

RESOLUCIÓN REITORIAL POLA QUE SE PROCEDE Á APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, FÍSICO-DEPORTIVA E CULTURAL NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO EXERCICIO 2026

ANTECEDENTES

Segundo o disposto no artigo 7 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), as e os membros da comunidade universitaria teñen dereito a organizar e participar en actividades culturais, recreativas e físico-deportivas. Para levar a cabo as ditas actividades, poderanse empregar as instalacións universitarias de acordo coas normas reguladoras do seu uso e os regulamentos que aproben os órganos de goberno.

Tendo en conta as ditas previsións normativas, a Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura considera que, para dinamizar a vida das facultades, escolas universitarias (en diante, centros), é necesario que estes, xunto co Consello do Estudantado, sexan os protagonistas no deseño e execución de actividades que estean ligadas aos intereses do seu estudantado.

É obxecto desta resolución establecer as bases que rexerán a convocatoria de axudas dirixidas a centros e ao Consello do Estudantado para o deseño e execución de actividades socioculturais, deportivas e culturais nas que a comunidade estudantil participe de forma activa e directa.

Por todo o anterior, resólvese:

Aprobar a convocatoria para o financiamento de actividades socioculturais, culturais e/ou físico-deportivas para o ano 2026, de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. Obxecto das axudas

O obxecto desta resolución é establecer as bases para a concesión das axudas da Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura e da Área Deportiva da USC para o desenvolvemento de actividades socioculturais, culturais e físico-deportivas nos centros, e convocar estas axudas para o exercicio 2026.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por actividade aquela actuación de dinamización organizada de carácter cultural, físico-deportivo ou sociocultural que sexa proposta a través do Consello do Estudantado ou a través dun ou varios centros, considerándose como tales calquera facultade e escola da USC.

Quedan excluídas as actividades de carácter académico, as viaxes, as actividades presentadas ou organizadas directa ou indirectamente en nome de organizacións, sindicatos e/ou partidos políticos, ou as actividades realizadas en nome de colectivos non universitarios.

Segunda. Crédito orzamentario e contía estimada das axudas

Este expediente iníciase como tramitación anticipada de gasto polo que a súa execución estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2026.

A dotación efectúase na partida orzamentaria 8043.4202.28500, cunha contía de 35.000,00 euros.

A contía máxima por actividade será de 2.500,00 euros e cada centro poderá optar a un financiamento máximo por varias actividades de 4.000,00 euros. O límite de financiamento máximo por varias actividades non aplica ás solicitudes presentadas a través do Consello do Estudantado.

En todo caso, deberase indicar no apartado correspondente do Anexo II se se solicitou ou se se vai solicitar a algunha outra instancia da USC algunha axuda para a mesma actividade.

Terceira. Destinatarios das axudas

Poderán beneficiarse destas axudas o Consello do Estudantado e todos aqueles centros que presenten actividades a iniciativa de calquera persoa da comunidade universitaria (estudantado, PDI ou PTXAS) e que cumpran cos requirimentos recollidos na base cuarta.

Nesta convocatoria quedan excluídos os centros residenciais da USC, dado que contarán cunha resolución de axudas específica para as actividades deste tipo que organicen as persoas residentes.

Cuarta. Requisitos

Só serán admitidas as solicitudes que cumpran cos seguintes requirimentos:

- 4.1 Deberá realizarse unha solicitude por actividade.
- 4.2 As solicitudes deberán ser presentadas polo/a presidente/a do Consello do Estudantado, decano/a ou director/a dun centro da USC ou persoa en quen deleguen. No caso de que quen presente a solicitude sexa unha persoa delegada, a solicitude deberá ir acompañada do ANEXO 0 asinado polo/a presidente/a do Consello do Estudantado, decano/a ou director/a autorizándolle á persoa delegada a presentar a solicitude..
Cando a actividade sexa o resultado da colaboración de varios centros, estes designarán a un/unha dos/as decanos/as ou directores/as como responsable da actividade.
- 4.3 A actividade debe adecuarse ao obxecto desta convocatoria, estar aberta a toda a comunidade universitaria e cumprir coa lexislación vixente en materia de convivencia.
- 4.4 A actividade ten que incluír a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.
- 4.5 A actividade debe recoller unha previsión do seu impacto ambiental (en termos de aforro enerxético, xeración de residuos, etc.).
- 4.6 Cada actividade debe contar co aval dun mínimo de vinte (20) estudantes por centro participante. Para acreditar o dito aval, haberá que recoller as sinaturas do estudantado na táboa do Anexo III.
- 4.7 A actividade debe empregar a lingua galega na súa difusión e execución.
- 4.8 As actividades que se desenvolvan nos propios centros ou instalacións da USC deberán executarse respectando a normativa de xestión de espazos da USC.
- 4.9 As actividades seleccionadas **deberán xestionar o compromiso de gasto antes do 15 de novembro de 2026 e executarse entre o 20 de febreiro e o 30 de novembro de 2026.**

Quinta. Solicitudes: lugar, prazo de presentación e contido

5.1 Lugar:

As solicitudes deben presentarse na sede electrónica no procedemento "Convocatoria de axudas para actividades de dinamización sociocultural, físico-deportiva e cultural nos centros da USC exercicio 2026". Na sede requirirase a información que figura no Anexo I, e que se acheguen en formato PDF os modelos cubertos dos anexos II e III. Deberán dirixirse á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, e presentarse en:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/167/ver.htm>

5.2 Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes á Vicerreitoría abranguerá dende o día **seguinte á publicación da convocatoria** no taboleiro electrónico oficial da USC ata o 12 de decembro de 2025.

5.3 Contido:

- Información requirida no formulario da sede electrónica (exemplo no Anexo I)
- Documento de información sobre a actividade (Anexo II).
- Documento de sinaturas do estudantado para a dita actividade (Anexo III).

5.4 Emendas:

Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes e antes da actuación da comisión avaliadora publicarase unha lista provisional de solicitudes presentadas e excluídas e abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para que os/as aspirantes excluídos poidan emendar os defectos que motivaron a exclusión da solicitude.

Sexta. Comisión avaliadora

A comisión avaliadora estará conformada por:

- Vicerreitora de Estudantes e Cultura, ou a persoa en quen delegue.
- Delegado do Reitor para o Deporte, ou a persoa en quen delegue.
- Delegada do Reitor para a Igualdade, ou a persoa en quen delegue.
- Representante dos/as decanos/as e directores/as de centros docentes.
- Representante do Consello do Estudantado.
- Representante do ámbito cultural de Galicia designado/a pola Vicerreitora de Estudantes e Cultura.
- Representante do ámbito deportivo de Galicia designado/a polo Delegado do Reitor para o Deporte.
- A secretaría será proposta pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura.

Sétima. Criterios de valoración e baremación

Os criterios de valoración e baremación das solicitudes son os seguintes:

- | | |
|---|------------------|
| 1. Impacto potencial da actividade na comunidade estudantil da USC.
Valorarase a transversalidade da proposta, a adecuación das horas propostas e que estea aberta a toda a comunidade. | <u>20 puntos</u> |
| 2. Apoio do estudantado e implicación na organización das actividades.
Valorarase non só o nº de sinaturas de estudantes recollidas en apoio da actividade, senón tamén a o grao de implicación real do estudantado na organización da actividade. | <u>20 puntos</u> |
| 3. Calidade e adecuación da actividade ao obxecto da convocatoria.
Valorarase que a proposta responda ao obxecto da convocatoria, estea ben presentada e conteña medidas adecuadas de perspectiva de xénero e impacto ambiental | <u>20 puntos</u> |
| 4. Adecuación do orzamento solicitado á actividade.
Valorarase a ratio de retorno (orzamento/nº participantes) e os gastos que aporten valor á actividade, podendo valorarse negativamente aqueles que se entendan accesorios para a realización da mesma. | <u>20 puntos</u> |
| 5. Descrición da estratexia de difusión que se fará da actividade.
Valorarase vías de difusión propias da actividade (web, RRSS...) e interacción coas RRSS da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura. | <u>10 puntos</u> |

6. Descrición das ferramentas de avaliación do éxito da actividade. 10 puntos
Valorarase negativamente se o centro/actividade é de continuidade e non presentou a memoria do ano anterior.

Oitava. Prazo de resolución e publicación

O prazo máximo de resolución será de catro (4) meses dende o día seguinte á publicación da convocatoria. Publicarase unha resolución provisional coa lista daquelas actividades seleccionadas que obtivesen maior puntuación e na que se indicará un prazo de alegacións de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC, así como na páxina web.

Unha vez rematado o dito prazo e revisadas as alegacións, a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura publicará a lista definitiva coas actividades adxudicadas e os beneficiarios das correspondentes axudas. A lista definitiva das actividades seleccionadas publicarase no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC, así como na páxina web.

Novena. Aceptación e seguimento das axudas

- 9.1 Cada actividade deberá ser presentada polo/a representante do Consello do Estudantado, decano/a ou director/a dun centro da USC, que será a persoa encargada de realizar todos os trámites pertinentes coa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, con respecto á presentación da solicitude, execución e xustificación da actividade.
- 9.2 Calquera modificación substancial do programa orixinalmente aprobado deberá ser comunicada a esta Vicerreitoría solicitando a necesaria autorización para proceder con ela.
- 9.3 Na difusión das actividades farase constar que foron financiadas ou cofinanciadas pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC e enviarase material de difusión á dita vicerreitoría con antelación ao evento para poder facer a correspondente publicidade nas redes sociais da área de Cultura.
- 9.4 Esta Vicerreitoría reservarase o dereito de comprobar os datos contidos na solicitude de axuda, verificar a realización das actividades financiadas e difundir e dar a coñecer estas publicamente.
- 9.5 A aceptación da axuda por parte do centro beneficiario obrígalle a dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dos seguros e permisos necesarios para a súa realización segundo á lexislación vixente. A non obtención dos ditos seguros e permisos será causa de reintegro da axuda.

Décima. Tipo de pagamento, xestión económica e reintegro

As actividades aprobadas recibirán o 100% da contía financiada unha vez publicada a resolución de concesión das axudas. O financiamento realizarase mediante transferencia de crédito dende a partida correspondente da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura á partida da unidade de gasto correspondente.

O beneficiario será o encargado da súa xestión económica conforme á normativa de xestión do gasto vixente.

As actividades deberán estar completamente rematadas nos prazos establecidos nas normas de xestión orzamentaria da USC para 2026. En ningún caso poderán aboarse cantidades con cargo ao orzamento de anos posteriores.

En caso de comprobarse que se produciu ocultación ou falseamento de datos, procederase ao

reintegro da axuda así como á tramitación do oportuno expediente para depurar as responsabilidade que de tales feitos se puidieran derivar.

En caso de comprobarse que non se realizaron as actividades financiadas ou que non se incluíu a difusión da axuda recibida, esta vicerreitoría poderá modificar, ou mesmo revogar a axuda concedida, en cuxo caso, procederá o reintegro da contía concedida.

Cando a porcentaxe de inexecución da actividade sexa do 70% ou superior, procederá o reintegro total da axuda. Cando a porcentaxe de inexecución sexa inferior ao 70%, procederá a devolución parcial correspondente da axuda.

A aceptación da axuda por parte do centro beneficiario obrígalle a dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dos seguros e permisos necesarios para a súa realización segundo á lexislación vixente. A non obtención dos ditos seguros e permisos será causa de reintegro da axuda.

Undécima. Memoria e prazo de xustificación das axudas

No prazo dun mes dende a finalización da actividade aprobada e, en todo caso antes do **30 de novembro de 2026**, o centro beneficiario e responsable da execución da axuda (ou Consello do Estudantado), deberá enviar á Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura (vr.estudiantes@usc.gal) unha memoria das actividades realizadas. Esta memoria axustarase ao modelo que figura no Anexo IV.

Duodécima. Incidencias

A Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura resolverá as consultas, dúbidas ou incidencias que se produzan na aplicación desta convocatoria a través de vr.estudiantes@usc.gal

Décimo terceira. Protección de datos

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán incorporados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento “Bolsas, axudas e subvencións” coa finalidade da concesión e xestión de bolsas e axudas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, da Universidade e bolsas do Servizo Universitario de Residencias (SUR).

O responsable do tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela, cuxos datos de contacto son: Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, protecciondatos@usc.gal. Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es

A base de xustificación do tratamento é o consentimento das persoas interesadas. Agás previsión legal os datos non serán transferidos nin cedidos. As persoas interesadas poden exercer ante o responsable do tratamento os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC en:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Axencia de Protección de Datos para realizar a reclamación que estimen oportuna.

Os datos serán conservados durante o período en que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar na web:

<http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte o da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

(Por delegación de competencias. R.R. do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)

A Vicerreitora de Estudantes e Cultura

Pilar Murias Fernández

ANEXO I. INFORMACIÓN REQUIRIDA NA SOLICITUDE DA SEDE ELECTRÓNICA

FORMULARIO DE SOLICITUDE
1. Nome da actividade 2. Tipo de actividade. Escoller entre: - Actividade cultural - Actividade sociocultural - Actividade físico-deportiva 3. Persoa responsable. 4. Enderezo electrónico da persoa responsable. 5. Centro responsable. 6. Centros participantes.
ANEXOS
7. Anexo II. INFORMACIÓN SOBRE A ACTIVIDADE 8. Anexo III. SINATURAS DE ESTUDANTES

ANEXO II. INFORMACIÓN SOBRE A ACTIVIDADE

INFORMACIÓN SOBRE A ACTIVIDADE				
Nome da actividade:				
Obxectivos:				
Descrición da actividade:				
Ademais do texto no que se describa a actividade, haberá que aportar información sobre os seguintes elementos: • Horas, datas e lugares: • Nº de centros: • Nº máximo de participantes: • Nº total de horas: • Implicación do estudantado na organización da actividade: • Nº de sinaturas de estudantes recollidas en apoio da actividade: • Medios de comunicación e difusión da actividade: • Medidas para incluír a perspectiva de xénero no deseño e execución da actividade: • Medidas para reducir o impacto ambiental da actividade (<i>en termos de aforro enerxético, xeración de residuos, etc.</i>). • Instrumentos para a avaliación da actividade:				
Orzamento estimado de gastos previstos:				
Tipo de gasto	Nº ud.	Prezo ud.	IVE	Importe
a) Gastos inventariables ¹				
b) Gastos non inventariables				
Total				
Solicitouse ou vaise solicitar a algunha outra instancia da USC algunha axuda para esta mesma actividade? En caso afirmativo, indíquese a instancia e a contía:				

¹ Material de uso duradeiro (+ 2 anos) e de importe unitario superior a 150,00 euros + IVE

ANEXO III. SINATURAS DE ESTUDANTES

DOCUMENTO DE AVAL DA ACTIVIDADE		
Nome da actividade:		
Centro responsable:		
Centros participantes:		
SINATURAS DE ESTUDANTES		
Nome e apelidos	Titulación e curso	Sinatura
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		
7.		
8.		
9.		
10.		
11.		
12.		
13.		
14.		
15.		
16.		
17.		
18.		
19.		
20.		

ANEXO IV. MODELO DE MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE				
Nome da actividade:				
Código da actividade:				
Obxectivos:				
Memoria da actividade:				
O texto da memoria descritiva deberá incluír información sobre os seguintes elementos: • Descrición (debe ir acompañado de fotografías da actividade) • Horas, datas e lugares: • Nº de centros: • Nº real de participantes: • Nº total de horas: • Implicación real do estudantado na organización da actividade: • Medidas para asegurar a equidade de xénero: • Medidas para reducir o impacto ambiental: • Medios de comunicación e difusión da actividade (exemplos) • Instrumentos para a avaliación das actividades (debe ir acompañado de facturas xustificativas) • Resultados da avaliación da actividade (anexar)				
Orzamento estimado de gastos previstos:				
Tipo de gasto	Nº ud.	Prezo ud.	IVE	Importe
c) Gastos inventariables²				
d) Gastos non inventariables				
Total				

² Material de uso duradeiro (+ 2 anos) e de importe unitario superior a 150,00 euros + IVE

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ,
VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/10/2025
09:05:49.

CSV: 84E5-6A99-4F28-9686